

Algas invasoras.

A posidonia é unha fanerógama mariña que acolle multitude de especies epífitas sobre as suas follas.

Ademáis, xera arredor de si unha das biocenoses máis diversas e produtivas do Mediterráneo... e tamén unha das máis fráxiles.

Se desaparece a posidonia, veranse resentidos crustáceos, equinodermos, vermes, e pequenos peixes. A pesca non escapará ao desastre.

A *Caulerpa taxifolia* é unha alga tropical que chegou a latitudes mornas na década de 1980 pola acción humana e que está a proliferar por boa parte da ribeira norte do Mediterráneo occidental.

Á vista das suas frondes e das pradarias que forma, calquera diría que as suas comunidades enriquecen os fondos/ mariños.

Os seus potentes estolóns desenvólvense apresa e case que en calquera condición.

As prolíficas matas de *Caulerpa* medran e exténdense. Como un novo Atila de efecto devastador.

Alá onde enraízan, xa non medra a herba. A posidonia, acurralada, vai perdendo terreo.

Apenas quedan unhas follas da fanerógama arredor da cal se concentraba a vida.

Os acuarios, tanto públicos como privados, adoitan albergar especies tropicais, pois chaman máis a atención que as especies autóctonas

Pero non sempre o máis espectacular é o mellor. Nada superará a beleza dun ecosistema no cal as especies teñan ensamblado os seus nichos ecolóxicos.

O problema comezou no Museo Oceanográfico de Mónaco, cos seus verquidos ao mar que portaban elementos reprodutores de *Caulerpa*.

Xa ninguén puido controlar nen dominar a invasión. Nada pode a lenta posidonia fronte á potencia reprodutora da caulerpa. Os esforzos por localizar os focos e controlar a expansión non poden con esta praga. E as delicadas pradarias de posidonia desaparecen a paso de xigante. Pero non cabe renderse. Hai que seguir observando e estudando.

Non é posible que a *Caulerpa taxifolia* desempeñe o mesmo papel que outra especie do seu mesmo xénero, *Caulerpa prolifera*, propia do mediterráneo e que non representa ningunha ameaza para as pradarias de fanerógamas.

Por iso o traballo segue, no mar e no laboratorio, nun esforzo desesperado por eliminála..

Ainda sen certezas de trunfo, hai que seguir a tentar frear a desaparición das pradarias de *Posidonia oceanica* do Mediterráneo.